

Vén o maio para feira cheo de garbo feitizo, embuchado de adobíos con donaire e castizo.	Sen enredos nos recreos só puidemos batuxar seguen as pozas na patio vense os plásticos voar.	De mulleres foi refuxio en tempos de patriarcado ben casabas pola forza ben vivías de prestado.	Mollavao está en loita con algún caso pendente cruzada de gabinetes teñen que morder os dentes.
Na Vella Estación xenou con camelias e pingueiras se o deixamos sete días viña tamén con silveiras.	Traballamos a Laxeiro e tamén a Gurriarán achegámonos á Palma con misivas do volcán.	Podes ver algo do Marshall entre gótico e barroco un bidón de leite en po e nas hortas algún roco.	Un astuto arquitecto anda no medio da lea ás caladas fai denuncias é do barrio a estadea.
Pandeiretas na coroa laranxas da Rosalía o fiúncho e pampillos foi traballo de porfía.	Xuntouse por mor pista colectivos do lugar pintaron o fútbol sala sen coa escola acordar.	Lavadoiros e un claustro celosías e capelas, a igrexa, o cemiterio, os tornos e as candeas.	O Concello quere pórllle a tarifa lucrativa o Liceo dos Mutantes son cultura asociativa.
Dubidou de presentarse na Praza da Ferraría tivo medo do meigallo que aínda azouta nestes días.	O Paseo Valle Inclán témolo escangallado derruíuse nunha estrema igual que Pablo Casado.	Hai constancia nos escritos de viño no seu xornal dúas botellas ao día daban para un carnaval.	Se marcha a Celulosas e por fin se cumpre a Lei esta zona marisqueira seguro que a merca o rei.
Ás troulas de Campolongo ímoslle dar un bocado á piscina e á escola e ao río maltratado.	Non se sabe quen bulou provocando unha freita era o río que choraba por ter unha buela feita.	O dos ovos se casabas mudou por unha pescada entre doces e fariña a cadeira estalaba.	Foi praia dos <i>peteuve</i> e tamén dalgún ministro tivo un hotel de luxo e fartura de marisco.
Agromaron novos contos ao mudar a dirección houbo moito ruxe ruxe sentenciou a inspección.	Invitado por Europa volve Lores coa cidade as melloras hoxe urbanas vense alí de calidade.	Coa illa de Combarro algo mesmo aconteceu os de Poio teñen Tambo a Mariña xa o cedeu.	Despotismo polo norte e censura polo leste venres negros na galega destacan no noroeste.
Abocañan algún cambio non son os de Rosalía a diglosia fai estragos nestes anos de agonía.	Aconsellan os expertos os espazos apracibles pero na Raíña Victoria esta lei non é plausible.	Pasou por Montero Ríos e tamén por Dona Urraca achegouse Barandán e non foi nunha butaca.	O sipaio de Feijoo marcha para a capital como esvare coa xefa igual dorme no hospital.
Preto de cincuenta anos conta historias esta escola a influencia do cuartel do galego fixo esfolo.	Rematou a concesión, os de ENCE fan o xordo, propaganda e xiratorias teñen sempre premio gordo.	Foi mosteiro e lazareto arsenal cos mandatarios sementada por labregos e saqueada por corsarios.	Perderon as Tanxugueiras con estrondo afamado repicaron polas redes houbo gato encerrado .
Dous anos sen dar a man e sempre con tapabocas auga e taco con distancia enredando coas gaivotas.	Destapouse este ano o mosteiro Santa Clara unha xoia de convento coa pedra ben ornada.	Non é parque natural non ten flora protexida asediouna o eucalipto aínda está moi aflixida.	Foron palabra do ano chegaron ao Parlamento cantaron non hai fronteiras con coraxe e talento.

Liga, copa e supercopa
as guerreiras de Burela
mellor equipo do mundo
non hai quen poida con elas.

Mariñeiros do Pitaxo
polo mar abandonados
se foran os do Bribón
terían acoirazados

Segue o mar con moito lixo
iso si que é maldade.
para tornar ao principio
axudarlle é a clave.

Xuntáronse catro pestes
que non teñen bo apaño
a dos virus e pandemias
coas guerras do díaño.

Cento vinte protocolos
tivemos coa pandemia
médicos e sanitarios
camparon coa tolemia.

As mascotas e o papel
tiveron protagonismo
máscaras e PCRs
deron cartos ós máis listos.

Xenocidio en Ucraína
e tamén en Kurdistán,
Siria, Yemen, Etiopía,
Palestina e Afganistán.

Os do Frente Polisario
teñen a soga na gola
o xiro que deu España
fraguouse coa Coca-cola.

Tiñan peixe a cachón
e tamén moitos fosfatos
non lles faltaba petróleo
comida dos grandes ratos.

Hai diñeiro para a guerra
e migallas no transporte
as frangullas polo campo
e os raposos pola corte.

Con Ayuso e Corina
danse ben os ovos rotos
Con Biden e con Putin
as cacholas con escrotos.

Aumenta a estanflación
e as cabezas nucleares
os compostos bifenol
e a frasca polos mares.

Que gobernen os chalados
debería estar prohibido
con rifas e barafundas
non se fai un bo cocido.

Non queremos o machismo
temos que saber paralo
queremos o feminismo
e entre todos conquistalo

Que violaran ás mulleres
os axentes do *procés*
baduou a comisaria
sería un feito cortés.

Hai que ter pouca cabeza
para facer este comentario
esta nosa superiora
roza ben o esperpento.

Vai alá a despedida
vai a alá a bendición
fastixios de saudade
de cultura e tradición.

Nós imos comer a rosca
e mañá un bo salmón
xuntaremos ben os cartos
para irmos de excursión.

